



Fornelos de Montes, 23 de xaneiro do 2018

NOTA DE PRENSA

Na tarde do día arriba amentado tivo lugar na Biblioteca Ánxel Casal de Compostela a xuntanza do xurado que decidiu o VI Premio Manuel Lueiro Rey de Poesía, constituído Luís Cochón, en calidade de presidente, e mais os vogais Silvia Penas, Mercedes Queixas, Armando Requeixo e Ramón Rozas, amais de por Carmen Carreiro, presidenta da Asociación Cultural O Cruceiro da Laxe, que actuou como secretaria con voz e sen voto.

Logo da correspondente deliberación, o xurado decidiu outorgar por unanimidade o premio ao poemario presentado baixo o título *Corpo*, de Antón Lopo, texto que se impuxo aos outros trinta e un traballos presentados

O xurado resaltou o bo nivel dos orixinais recibidos, así como a súa diversidade tanto estilística coma temática. O certame, que chega agora á súa sexta convocatoria, consolida así a súa andaina coa colaboración tanto do Concello de Fornelos de Montes, lugar natal do escritor que dá nome ao premio, coma da Asociación Cultural O Cruceiro da Laxe da mesma localidade e mais a Edicións Xerais de Galicia, responsable da publicación do volume gañador, que será presentado publicamente a comezos do vindeiro mes de abril, en data coincidente co natalicio de Lueiro Rey, nun acto de entrega do premio en Fornelos de Montes.

O xurado estimou que *Corpo* é un excelente poemario, denso por variado —tocata e fuga—, que se compón de diversas suites que se completan ou se enfrontan ou se escisionan (eses parénteses e claudátors). O autor constrúe este *Corpo* medrado con poder de convicción tanto que convenceu, unánime, os cinco membros do xurado. Ponderado, pousado, serán versos para quedar, no tempo que nos acolla, cando menos neste libro admirable.

Por se fose do seu interese, poden contactar co gañador no teléfono 630 96 41 48.

Así mesmo, estamos á súa disposición como organizadores do certame no teléfono 698173669 e mais no enderezo electrónico carreiro@mundo-r.com

A organización do Premio
Manuel Lueiro Rey de Poesía